



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA  
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157  
[correo@irixoa.es](mailto:correo@irixoa.es)

### BANDO

#### **SOBRE A OBRIGA DE MANTER OS TERREOS E SOLARES NAS DEBIDAS CONDICIÓN S DE LIMPEZA E EVITAR ASÍ O RISCO DE INCENDIO, ANTES DO REMATE DO MES DE MAIO.**

Concello de Irixoa, 17 de abril de 2026

D. ANTONIO DEIBE SANMARTÍN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE IRIXOA

#### FAGO SABER:

Coa chegada da tempada estival e o aumento do perigo de risco de incendio, lémbrese que, se vostede é titular/propietario de solares ou parcelas situadas en solo urbano, urbanizable, núcleo rural ou rústico, ten a obriga de mantelas nun axeitado estado de limpeza e coa masa vexetal desbrozada antes do día 31 DE MAIO de cada ano.

Lembráselle a obriga de manter os terreos e propiedades nas debidas condicións de seguridade e salubridade, conforme ao establecido nos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia, en virtude dos cales se establece que: os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e, no seu caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, evitando a contaminación da terra, o aire e a auga; así mesmo, os propietarios de toda clase de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e carteis deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino.

As parcelas que incumpran os requisitos dun correcto mantemento serán obxecto de inspección por parte dos servizos técnicos municipais e, no caso de que non se atopara cumprindo a normativa en materia de prevención e defensa de incendios de Galicia (Lei 3/2007), iniciarase o oportuno expediente de orde de execución a efectos do cumprimento do anteriormente indicado, advertíndose que as sancións que se poderán impoñer por incumprimento dos deberes que ten como propietario da parcela serán multas de entre 300€ a 6.000€ e poderanse interpoñer multas coercitivas de entre 1.000€ a 10.000€, reiterables ata lograr o cumprimento do ordenado.

O presente Bando publícase para xeral coñecemento e aos efectos oportunos, advertíndose de que o Concello poderá adoptar as medidas necesarias para asegurar o efectivo cumprimento das obrigas indicadas, incluíndo as medidas de execución forzosa que procedan conforme á normativa aplicable.

O alcalde

Antonio Deibe Sanmartín

## DISTANCIAS MÍNIMAS OBRIGATORIAS A RESPECTAR POLO ARBORADO

a) Con parcelas forestais	2 metros
b) Con terreos ubicados no solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
c) Con zonas dedicadas a labrantío, cultivo, prados ou pastos clasificados de especial protección agropecuaria (viñas..)	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, e 10 metros no resto de especies
d) Desde o límite de dominio público de corredores, vías rápidas e estradas (autopistas, autovías, convencionais) ou ferrocarril	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, e 10 metros no resto de especies
e) Con pistas forestais principais	2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco
f) Desde a proxección do condutor externo, considerando a desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica	máis 5 metros para todas as especies
g) Con canais fluviais de máis de 2 metros de ancho	5 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, e 15 metros no resto de especies, a contar desde o dominio público. Non serán de aplicación en actuacións de recuperación ambiental
h) Con edificacións, vivendas ailladas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural	15 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, e 50 metros no resto de especies
i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado	15 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, e 50 metros no resto de especies
j) Con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes que desenrolen actividades perigosas con arranxo ao establecido na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na normativa de desenrolo	25 metros para especies frondosas do anexo I, e 50 metros para o resto de especies

## ANEXO I

Coníferas:		
	Pino silvestre: <i>Pinus sylvestris</i>	L. Tejo: <i>Taxus baccata</i> L.
Fronzosas:		
	Aliso: <i>Alnus glutinosa</i> (L.) Gaertn	Alcornoque: <i>Quercus suber</i> L. <i>Quercus rotundifolia</i> Lam.
	Arce: <i>Acer pseudoplatanus</i> L.	Avellano: <i>Corylus avellana</i> L.
	Abedul: <i>Betula</i> sp.	Haya: <i>Fagus sylvatica</i> L.
	Fresno: <i>Fraxinus excelsior</i> L.	Olmo: <i>Ulmus glabra</i> Huds. <i>Ulmus minor</i> Miller.
	Fresno de hoja estrecha: <i>Fraxinus angustifolia</i> Vahl.	Laurel: <i>Laurus nobilis</i> L.
	Castaño: <i>Castanea sativa</i> Mill.	Mostajo: <i>Sorbus aria</i> L.
	Castaño híbrido: <i>Castanea x híbrida</i> (resistente tinta)	Serbal de los cazadores: <i>Sorbus aucuparia</i> L.
	Cerezo: <i>Prunus avium</i> L.	Nogal: <i>Juglans regia</i> L.
	Roble: <i>Quercus robur</i> L.	Madroño: <i>Arbutus unedo</i> L.
	Rebollo: <i>Quercus pyrenaica</i> Will.	Roble albar: <i>Quercus petraea</i> (Matts) Liebl.
	Encina: <i>Quercus ilex</i> L. ssp. <i>ballota</i> (Desf.)	

Tras a corta por incumprimento de distancias e por existencia de maleza nas parcelas forestais e montes, ten a OBRIGACIÓN de desbrozar os restos.

**Distancias de seguridade contra o lume**

*A normativa pon especial finco en regular as distancias mínimas de rozas fronte a incendios, así como as marxes nas repoboacións*

**En casas illadas**

ZONA DE SEGURIDADE DE ACCIÓN INMEDIATA  
50 metros

15 m

**ZONA DE SEGURIDADE UNIFICADA**  
50 metros: Limpeza TOTAL de biomasa. PROHIBIDOS piñeiros, eucaliptos ou acacias. O resto de especies frondosas a 7 m entre si e lonxe dos tellados. (Nin toxos Nin xestas).

**En núcleos de poboación**

ZONA DE SEGURIDADE  
50 metros

Zona sen vexetación: 15 metros

**ZONA UNIFICADA DE 50 METROS:** Limpeza TOTAL de biomasa. PROHIBIDOS piñeiros, eucaliptos ou acacias. O resto de especies frondosas a 7 m entre si e lonxe dos edificios. (Nin toxos nin xestas).

**PROHIBIDOS en TODA a franxa de 50 metros**

Piñeiro Acacias Eucalipto  
 Especies arbóreas pirófitas (propagan con facilidade o lume)

**Outras Distancias Legais de Seguridade (Franxa de 5 m, 10 m e 15 m):**

- Ríos (canles >2m): 5 m frondosas / 15 m resto de especies (desda o dominio publico).
- Estradas convencionais e autovías: 4 m frondosas / 10 m resto de especies.
- Campos de cultivo e prados: 4 m frondosas / 10 m resto de especies.
- Tendidos eléctricos: 5 m LIBRES de calquera arbolado.